



ASOCIACIÓN VIEIRO

O LABIRINTO DAS EMOCIÓNS

Curso de educación emocional para alumnado de 1º e 2º de
Educación Primaria

1.- Presentación e xustificación.

2.- Obxectivos.

3.- Poboación destinataria.

4.- Metodoloxía

5.- Contidos

6.- Lugar de celebración

7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

A educación emocional é un complemento indispensable no desenvolvemento cognitivo e unha ferramenta fundamental de prevención, xa que moitos problemas teñen a súa orixe no ámbito emocional, polo que se fai necesario traballar a educación emocional para conseguir no alumando unha madurez emocional e o seu desenvolvemento como persoas e seres sociais.

2.- OBXECTIVOS

- O obxectivo xeral do programa é ofrecer aos nenos/as unha base de aprendizaxe emocional que lles axude ao desenvolvemento integral das súas capacidades evolutivas e na adquisición de aprendizaxes competenciais.
- Obxectivos específicos:
 - Adquirir o coñecemento das emocións básicas propias
 - Identificar as emocións básicas nos/as iguais
 - Desenvolver a habilidade para regular as emocións propias.
 - Proporcionar estratexias para a xestión adecuada das emocións.

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA

A poboación destinataria do curso é o alumnado de 1º e 2º de E. Primaria.

4.- METODOLOXÍA

O curso está composto por unha serie de contos que son proxectados para favorecer a lectura e o seguimento dos mesmos. O desenvolvemento de cada sesión presenta o seguinte plan de traballo:



ASOCIACIÓN VIEIRO

- Lectura do conto
- Resumo do conto
- Comprensión oral do conto
- Dinámica: actividade sobre o conto

Cada sesión contén uns obxectivos específicos e unha dinámica para ser traballada na aula.

5.- CONTIDOS

O curso está composto por 5 sesións donde se traballan as seguintes emocións:

1. Alegría
2. Tristeza
3. Enfado
4. Medo
5. Noxo

A través de cada conto traballarase unha emoción básica

6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

Centros de Educación Primaria e Escolas Rurais Unitarias

7.- DURACIÓN

5 sesións semanais de 50 minutos de duración.